

CAMIÑANDO PASENIÑO

Percibo con tranquilidade, serenidade e sosego os teus longos brazos que rematarán por me rodear deseguida. Non quero facer esforzo ningún porque hai moito tempo que te desexo.

Sempre que me preguntaba como sería este momento, tiven unha sensación de medo seguida dun arreguizo que extrañamente agora non está connigo.

O decorrer do tempo fixome estar extraordinariamente sereno diante desta viaxe sen retorno que me ha levar á terra. A miña estadía eterna está moi preto e dou en pensar nas imaxes daquel rapaz imberbe que con dezoito anos colleu o tren cara a Hamburgo.

Na estación estaban a miña nai e miña irmá con bágoas moi amargas percorréndolles as fazulas pero entendendo que o meu futuro estaba lonxe desta terra.

Cando cheguei os veciños que eran de Soutelo acolléronme na súa casa como se fose un fillo máis. Tiña moitísimos proxectos que levar adiante para facer cartos e volver á casa sendo un triunfador. Construiría unha vivenda e tería unha vida cómoda na vila onde nacín dedicado a calquera negocio, máis por ocupar o tempo que por gañar cartos.

Moncho e Fina foron para min como uns pais. Sempre que pudieron, axudáronme sen pedir ren. O primeiro traballo que tiven foi nunha fábrica de xoguetes e despois virían outros como camareiro, axudante de cociña, recepcionista, condutor...

Recordo as noites que pasaba Carmucha quitándolle ao sono, por ensinarme o idioma alemán e tamén coñecementos de varias materias que eu descoñecía. Nunca llo

puiden agradecer o suficiente. Lembro tamén a gran axuda que me prestou para que non me sentise tan alleo nesa terra.

Casou e trasladouse a vivir a Munich e non volvemos a vernos. Souben polos seus pais que lle ía moi ben e que tivera dous fillos. O seu home era alemán e a ela a terra non lle tiraba como a Fina e Moncho que cada dous ou tres anos nas vacacións viaxaban a Galicia.

A miña vida estivo chea de penurias sempre en traballos ocasionais nos que o soldo só daba para algúns extraordinarios amais da mantenza e o teito. A pesares disto non podo dicir que levase unha vida moi mala porque en xeral o emprego non faltou aínda que tivese que ir de cidade en cidade e de traballo en traballo sen acougo.

Moitas veces cando me atopaba diante do espello pola noite vía o decorrer do tempo na miña face e aqueles soños de xuventude eran quimeiras que se perdían no ar.

Devecía por volver á terra pero non coma un fracasado. Tiña sempre no meu maxín aqueles baños de verán nas praias de Nigrán, aquela area finísima, aquelas rochas onde eu tomaba o sol, aqueles sabores: o polbo, o marisco, o peixe e os bos viños que abundaban na miña terra.

Sentíame un verdadeiro extraño en Alemaña, e nada do que facía conseguía encherme e ademais o momento do retorno non parecía chegar nunca. As fins de semana cando me era posible xuntábame para botar unhas fechas e xogar algunha partida cos meus paisanos e de paso escoitaba falar en galego que era o que máis me unía á terra dos meus devanceiros.

Teño lembranzas de carros acugulados tirados por marelas, mariñeiros vendendo o quiñón, poxas de mariscos e peixes...

Neste tempo que levo de volta comprobo que a fala non se respecta como facían os vellos e a mocidade prefire usar o castelán en case todas as cidades polo cal o galego vese que está esmorecendo.

A miña nai xa morreu hai dez anos e Maruxa vive en Toledo afastada totalmente de Galicia. Case é mellor así, morrer en soidade sen dar preocupacións a ninguén.

Agora que deixo todo para sempre tamén lembro a aterraxe en Peinador. O curioso de todo isto é que desde cheguei tamén me sinto como un verdadeiro extraño con señoardade na miña propia terra, que tanto cheguei a degoirar. Hai moitas cousas que me son novas e alleas como a extremada urbanización que se produciu na costa. As miñas lembranzas pasan por paisaxes idílicas para o gozo de todos e non pola conquista de grandes xigantes de cemento que non deixan ver as grandes xoias naturais que posuimos e onde eu tan ben o pasei.

Aquí no hospital onde me atopo pasando estes últimos momentos todo é parecido aos centros que había en Alemaña onde me diagnosticaron o cancro que me transportará á outra vida. Xa no momento de chegar chamoume moito a atención a gran cantidade de papelame que tiven que facer para regularizar a miña situación. Pasei de portelo en portelo advertindo caras non moi receptivas e incluso algunha desapiadada que fixeron mudar en min a visión idílica da terra que sempre me acompañou mentres estiven emigrado en Alemaña. Quizabes esa Galicia que deixei tan só estea no meu maxin.

As forzas abandónanme, a cabeza comeza a voar e a vida esvaéceseme. Escribo estas notas coa esperanza de que alguén as atope e poida sensibilizar á nosa querida Galicia dos valores tradicionais que sempre nos caracterizaron como pobo e que corren o risco de se perder. Espérvos un gran labor para futuro xa que como teño visto pasamos de ser un país de emigración a ser unha terra de acollida.

Eu xa non poderei axudar nesta noble tarefa. Deixoo nas vosas responsables mans.
Chegou o momento de abrazáresme amiga morte e leváresme a ese paraíso descoñecido.

**(NOTAS MANUSCRITAS ATOPADAS NO CUARTO 313 DO HOSPITAL
MEIXUEIRO REDACTADAS POR XAQUÍN VILAR O DÍA DO SEU
FALECIMENTO)**

Pseudónimo: AVELAIONA